



## ANUNCIO

**Aprobación da listaxe provisional de admitidos e excluídos no procedemento selectivo para a provisión como contrato laboral temporal para a realización de obra ou servizo determinado: Técnico de xestión para o Museo do Mar e Etnográfico de Porto do Son**

Con data 16 de xullo de 2014 o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, ditou a seguinte resolución:

### “Decreto: 402

**Data decreto:** 16/07/2014.

**Descrición decreto:** aprobación da listaxe provisional de admitidos e excluídos, praza de Técnico de xestión para o Museo do Mar e Etnográfico de Porto do Son.

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA- PRESIDENCIA

D. JOSÉ LUIS OUJO POUISO, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, en uso das facultades que lle confiren o art. 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o art. 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dita a seguinte resolución:

Visto que mediante o decreto da Alcaldía núm. 315/2014, do 10 de xuño, se aprobou a convocatoria e as bases para a provisión como contrato laboral temporal para a realización de obra ou servizo determinado: Técnico de xestión para o Museo do Mar e Etnográfico de Porto do Son. A duración do contrato será de 12 meses, prorrogables, a xornada completa, e coas retribucións segundo convenio.

Visto canto antecede, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para a provisión como contrato laboral temporal para a realización de obra ou servizo determinado: Técnico de xestión para o Museo do Mar e Etnográfico de Porto do Son, que é a seguinte :

### a) Admitidos:

- Avilés Calo Mirian
- Caamaño Campos Helena.
- Otero Mariño Alicia.
- Rodríguez Collazo María Irene.
- Vázquez Lijó José Manuel.



CONCELLO DE  
PORTO DO SON

Fixado no taboleiro de edictos

o día 17 de Xullo de 2014

Retirado

o día de de 20.....

O/A Funcionario/a

### b) Excluídos e causa da exclusión:

- Díos Queiruga Alberto: non achega copia do título de grao ou equivalente en Historia, Historia da Arte, Belas Artes ou Turismo.
- Túñez Carou Balbanera: non achega copia do título de grao ou equivalente en Historia, Historia da Arte, Belas Artes ou Turismo.



- Vila Vidal Ángela: non achega copia do título de grao ou equivalente en Historia, Historia da Arte, Belas Artes ou Turismo.

**Segundo.-** Dispor a publicación da listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo de que se trata no taboleiro de editos e na web do concello.

**Terceiro.-** Outorgar aos aspirantes excluídos provisionalmente un prazo de tres (3) días naturais, a contar desde o seguinte ao de publicación da listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, para que poidan emendar os erros que motivaron a súa exclusión."

**RECURSOS:** Contra este acto, por ser de trámite, non cabe ningún recurso. Todo elo sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que o interesado estime pertinente.

Porto do Son, 16 de xullo de 2014.

